



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Economía do Trabalho	Código	660G01027	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Escourido Calvo, Manuel	Correo electrónico	manuel.escourido@udc.es	
Profesorado	Escourido Calvo, Manuel	Correo electrónico	manuel.escourido@udc.es	
Web	www.erlac.es			
Descrición xeral	<p>Asignatura dirixida a adquirir competencias nas áreas de:</p> <p>Economía, mercado de traballo: relacións, teorías e institucións. Evolución do marco normativo regulador das relacións laborais. Políticas sociolaborais. Seleccionar e xestionar información e documentación económica e do mercado de traballo.</p>			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos CONTIDOS: NON.</p> <p>2. Modificacións na METODOLOXÍA.</p> <p>CLASES MAXISTRAS: online en plataforma Google Meet (mesmo horario) ou na que sinala a Dirección. PRESENTACIÓNS ORAIS: online en plataforma Google Meet ou na que sinala a Dirección. TEST OPCION MULTIPLE: online en plataforma UDC Moodle. TITORÍAS: online en plataforma Google Meet (mesmo horario) ou na que sinala a Dirección. Estudante as solicitará de forma previa, suxerindo 3/4 opcións de día/hora.</p> <p>3. Modificacións na AVALIACIÓN.</p> <p>ASISTENCIA: A asistencia (10%) que se terá en conta é a realizada entre o día 1 do curso e o último día de clase presencial. No se terá en conta a asistencia online.</p> <p>Outros cambios poderían ter lugar, se a UDC así o indica.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A2	Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.
A5	Políticas sociolaborais.
A6	Economía e mercado de traballo.
A11	Teoría e sistemas de relacións laborais.
A16	Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral.
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A19	Identificar as fontes de información económica e o seu contido.
A21	Realizar análises e diagnósticos, prestar apoio e tomar decisións en materia de estrutura organizativa, organización do traballo, estudo de métodos e estudo de tempos de traballo.



A26	Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A33	Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.
B10	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade.
B20	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B21	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B22	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprensión do funcionamento, interpretación e políticas a implementar nos diferentes tipos de mercado de traballo.	A1	B1	C1
Anticipación de políticas sociolaborais e os seus efectos. Coñecemento do papel dos diferentes actores do mercado de traballo (empresa, traballadores, sindicatos, gobernos, institucións, etc.)	A2	B2	C2
	A5	B3	C3
	A6	B4	C5
	A11	B8	C6
	A16	B9	C7
	A18	B10	C8
	A19	B20	
	A21	B21	
	A26	B22	
	A32		
	A33		
	A35		



Economía e mercado de traballo. Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral. Interpretar datos e indicadores socioeconómicos. Identificar as fontes de información económica e o seu contido. Resolución de problemas. Capacidade de análise e síntesis. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que debe enfrontarse.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A5	B3	C3
	A6	B4	C5
	A11	B8	C6
	A16	B9	C7
	A18	B10	C8
	A19	B20	
	A21	B21	
	A26	B22	
	A32		
	A33		
	A35		

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Traballo, empresa e globalización económica.	<ul style="list-style-type: none"> - O funcionamento dos mercados de traballo. - O "traballo" como "mercadoría singular"; - Demanda e Oferta de traballo. - Traballo e globalización económica.
TEMA 2. Conceptos, definicións e estatísticas do mercado laboral.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción. A economía laboral como disciplina - Conceptos laborais e estatísticos básicos. - Indicadores do mercado laboral. - Fontes de información para o estudo dos mercados laborais.
TEMA 3. Enfoques teóricos para a análise do mercado laboral. Oferta, Demanda e Salarios.	<ul style="list-style-type: none"> - As aproximacións tradicionais: neoclásicos, keynesianos, marxistas e institucionalistas. - Enfoques recentes: institucionalistas, Escolas de Chicago e Cambridge, modelo matching, mercados transicionais, etc. - Oferta, Demanda e Salario desde una perspectiva teórica.
TEMA 4. Cualificación da Oferta de Traballo. O Capital Humano.	<ul style="list-style-type: none"> - Educación e emprego na teoría económica. - Teorías de mercado de traballo e política laboral. - Educación e emprego en Europa, España e Galicia.
TEMA 5. As Institucións Laborais.	<ul style="list-style-type: none"> - As Institucións Laborais: orixe e tipoloxía. - As Institucións Laborais en Europa e España.
TEMA 6. O mercado de traballo e as políticas activas de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> - Políticas laborais: fundamentos económicos. - Políticas activas de emprego: definición e características. - Estratexia e aplicación de política activas de emprego: UE e España.
TEMA 7. O mercado de traballo e as políticas pasivas de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> - Historia da protección por desemprego. - Visión teórica da prestación por desemprego. - Políticas pasivas de emprego: definición e características. - Políticas pasivas de emprego: UE e España.
TEMA 8. Reformas estruturais na regulación laboral e flexibilidade laboral na empresa.	<ul style="list-style-type: none"> - A flexibilidade laboral: concepto, teorías e aplicacións. - Flexibilidade numérica vs. flexibilidade funcional. - As Reformas laborais: a experiencia española.
TEMA 9. A dinámica do mercado de traballo en España.	<p>TEMA 9. A dinámica do mercado de traballo en España. - Estrutura e dinámica do mercado de traballo en España.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desequilibrios fundamentais do mercado de traballo español. - Os salarios e a negociación colectiva en España. - Indicacións para un diagnóstico do funcionamento do mercado de traballo en España.



TEMA 10. O futuro do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> - O traballo na economía global e cibernética. - O traballo e as súas novas dimensións. - Reconfiguración do Estado de Benestar. - Transformacións organizativas e fragmentación laboral. - Traballo, consumo e benestar: un debate.
--------------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A35 A33 A32 A26 A21 A19 A18 A16 A11 A6 A5 A2 A1 B8	17	34	51
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B8 B9 B10 B20 B21 B22 C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8	25	50	75
Proba obxectiva	A18 A21 A26 A32 A33	2	18	20
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Traballos tutelados	O alumnado levará a cabo diversos traballos en grupo relacionados coa materia. Estudante entregará o traballo nunha data anterior ao examen da primeira oportunidade, que se indicará ao comezo do curso. Este traballo prantexase tomando como base as actividades de carácter teórico-práctico na aula.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe que pode combinar distintos tipos de preguntas: de resposta múltiple con erros penalizadores (formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta con varias opcións ou alternativas de resposta das que só unha de las é válida), de ensaio (preguntas de certa amplitude por escrito nas que se valora que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.). Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral	Dirixido a reforzar certos aspectos da aprendizaxe autónoma dos alumnos mediante o seguimento e supervisión de diferentes actividades programadas. As titorías son individuais, polo que é necesario un contacto previo co profesor para reservar a franxa horaria correspondente.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B8 B9 B10 B20 B21 B22 C1 C2 C3 C5 C6 C7 C8	O alumnado levará a cabo diversos traballos en grupo relacionados coa materia. Estudante entregará o traballo nunha data anterior ao examen da primeira oportunidade, que se indicará ao comezo do curso. Este traballo prantexase tomando como base as actividades de carácter teórico-práctico na aula.	40
Sesión maxistral	A35 A33 A32 A26 A21 A19 A18 A16 A11 A6 A5 A2 A1 B8	Asistencia e participación nas sesións teóricas.	10
Proba obxectiva	A18 A21 A26 A32 A33	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe que pode combinar distintos tipos de preguntas: de resposta múltiple con erros penalizadores (formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta con varias opcións ou alternativas de resposta das que só unha de las é válida), de ensaio (preguntas de certa amplitude por escrito nas que se valora que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.). Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.	50

Observacións avaliación

Avaliación 1a Oportunidade. No desenvolvemento da parte práctica (traballo/proxecto en equipo) (40% nota) serán avaliados: aplicación das bases teóricas, calidade de presentación, precisión e claridade de exposición e calidade das respostas, fontes primarias e secundarias usadas e revisión bibliográfica. Para a avaliación da parte teórica recurrirase a un exame tipo test (proba obxectiva de múltiple resposta) (50% nota) con varias alternativas de resposta, onde os erros restarán puntuación para evitar o "efecto lotería". A fórmula é $NOTA = (respostas\ correctas \times 1) - (erros/k-1)$, con $k =$ número de opcións de resposta. Os puntos obtidos netos trasladanse a unha nota en escala 0-10. Dedicación a tempo parcial e dispensa académica (exención de asistencia): no caso de alumn@s con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, empregaranse as plataformas Moodle e MS Teams, así como o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, titorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, mais terán a mesma obriga de realizaren actividades e de acudir a calquera tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo. Excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación. O proceso de avaliación de 2a oportunidade é exactamente o mesmo que para a 1a oportunidade: gárdase a nota práctica (obtida no traballo/proxecto) e @ alumn@ fará un novo exame tipo test, de idénticas características ás descritas anteriormente. En caso de convocatoria extraordinaria, a avaliación será unicamente con exame tipo test (proba obxectiva de múltiple resposta) (100% nota) con varias alternativas de resposta, onde os erros restarán puntuación en base á fórmula $PUNTOS\ NETOS = (respostas\ correctas \times 1) - (erros/k-1)$ con $k =$ número de opcións de resposta. Os puntos netos obtidos netos trasladanse a unha nota en escala 0-10. Considerarase como "Non presentado" (NP) aquel estudante que, estando matriculado, non concorre ás distintas actividades de avaliación (continua/práctica e/ou exame/test) que se establezan para o curso académico. PLAXIO/COPIA. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso (0) na materia na correspondente convocatoria, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación da convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- McConell, C., Brue, S. y Macpherson, D.A. (2007). Economía Laboral. Madrid, McGraw Hill- Palacio, J.I. y Álvarez, C. (2004). El mercado de trabajo: análisis y políticas. Madrid, Akal- Ruesga, S.M. et al. (2014). Economía del Trabajo y Política Laboral. Madrid, Pirámide Bibliografía básica que se adapta perfectamente al programa de la asignatura.
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Fujii, G. (Coordinador) (2004). El trabajo en un mundo globalizado. Madrid, Pirámide - Lasierra, J.M., Murayama, C., Ruesga, S.M. (Coord.) (2002). Economía del trabajo y política laboral. Madrid, Pirámide - Alonso, A. y P. Bouso (1996). Introducción práctica a la economía laboral. Pontevedra, Ilustre Colegio de Graduados Sociales - Toharia, L., C. Albert, I. Cebrián, C. García-Serrano, I. García-Mainar, M.A. Malo, G. Moreno y E.Vi (1998). El mercado de trabajo en España. Madrid, McGraw Hill - Recio, A. (1997). Trabajo, personas, mercados. Manual de Economía Laboral. Barcelona, Icaria - Fina, L. (2001). El reto del empleo. Madrid, McGraw Hill - Ehrenberg, R. y R. Smith (2001). Modern Labor Economics. Theory and Public Policy (7ªed.). Nueva York, Addison Wesley Longman - Ministerio de Trabajo (). www.mtas.es . - Organización Mundial del Trabajo (). www.ilo.org . - Instituto Nacional de Empleo (). www.inem.es . - Hamermesh, D. y Rees, A. (1984). Economía del trabajo y los salarios. - Toharia, L. (editor) (1983). El mercado de trabajo: teorías y aplicaciones. - Seguridad Social (). www.seg-social.es. - Gallego, J.R., Nácher, J. coords, (2001). Elementos básicos de Economía. Un análisis institucional. Valencia, Tirant lo Blanch - Becker, G. (1983). El capital humano. Madrid, Alianza - Becker, G. (1987). Tratado sobre la familia. Madrid, Alianza - Ashenfelter, O.C. y Layard, R. (comps) (1991). Manual de Economía del Trabajo, vols. I y II. Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social - Fina, L. (2001). Mercado de trabajo y políticas de empleo. Madrid, Consejo Economico y Social - Hernández, C. y Carrasco, J.A. (2005). Ejercicios de Economía Laboral. Madrid, McGraw Hill <p>Se adjntan fuentes de información estadísticas fundamentales para acceder a los datos del mercado de trabajo y conocer cuantitativamente su estructura y funcionamiento. Son herramientas básicas para cualquier trabajo de investigación sobre el mercado laboral. El libro de Ejercicios de Economía Laboral complementa el libro básico de Teoría de McConell, Brue y Macpherson. La inevitable importancia y repercusión económica y social que tiene el mercado de trabajo hace que la información sobre el mismo se actualice y se refleje frecuentemente tanto en webs institucionales como en los distintos medios de comunicación y artículos de investigación. El seguimiento continuo de esta información permitirá al alumno tener una visión actualizada del mercado laboral.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Introdución á Economía/660G01002

Economía e Empresa/660G01007

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Economía Española/660G01025

Materias que continúan o temario

Observacións



O contido da Economía do Traballo require un coñecemento previo da análise micro e macroeconómica, especialmente do comportamento do consumidor (teoría das curvas de indiferenza) e do produtor (teoría da produción). Tamén é conveniente ter unha visión global dos diferentes sectores da economía española. Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostido e cumprir co obxectivo dunha ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social?, a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia se solicitarán en formato virtual e/o soporte informático (a entrega farase a través de moodle ou email, en formato dixital sin necesidade de imprimilos). En caso de ser necesario realízalos en papel: non se empregarán plásticos, as impresións serán dobre cara, utilizarase papel reciclado, evitarase a impresión de borradores e deberase ter enb conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos personais e profesionais. Incluirase a perspectiva de xénero na materia, na linguaxe, nas intervencións, na identificación, modificación e corrección de prexuízos sexistas e/ou discriminación de xénero. Facilitarase a plena integración do alumnado/profesorado con diversidade funcional.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías